

Sobre as subvencións públicas á tradución editorial galega (2008-2016)

Silvia Montero Küpper¹

Recibido: 12 de febreiro de 2017 / Aceptado: 5 de xuño de 2017

Resumo. A tradución (literaria) é unha acción social e, como tal, forman parte dela a súa recepción como produto da industria cultural, as editoriais, as políticas de tradución, as tradutoras etc. As decisións que se toman en canto á finalidade (sexa política, comercial ou cultural) das traducións derivan das circunstancias políticas, así como das posicións culturais ou estéticas do momento. Tradicionalmente, a maior parte da edición en lingua galega corre a cargo de editoriais privadas galegas, ademais da edición por institucións públicas que se sitúa ó redor dun 10% sobre a edición total en galego, así como a das editoriais privadas de ámbito estatal (25%). O estudo analiza as convocatorias das axudas públicas á tradución editorial en Galicia dende o inicio da actual crise económica (2008) até a actualidade (2016). Estas inciden na promoción e planificación das traducións no seo das editoriais privadas. Alén dos factores económicos examinamos os criterios de adxudicación de axudas nos últimos anos á luz dunha política da tradución para un sistema cultural en situación subalterna.

Palabras chave: Axudas á tradución; políticas de tradución literaria; tradución e culturas subalternas; sistema cultural galego.

[es] Sobre las subvenciones públicas a la traducción editorial gallega (2008-2016)

Resumen. La traducción (literaria) es una acción social y, como tal, forman parte de ella su recepción como producto de la industria cultural, las editoriales, las políticas de traducción, las tradutoras, etc. Las decisiones que se toman en cuanto a la finalidad de las traducciones (sea política, comercial o cultural) derivan de las circunstancias políticas, así como de las posiciones culturales o estéticas del momento. Tradicionalmente, la mayor parte de la edición en lengua gallega corre a cargo de editoriales privadas gallegas, además de la edición por instituciones públicas que se sitúa alrededor de un 10% sobre la edición total en gallego, así como la de las editoriales privadas de ámbito estatal (25%). El estudio analiza las convocatorias de las ayudas públicas a la traducción editorial en Galicia desde el inicio de la actual crisis económica (2008) hasta la actualidad (2016). Estas inciden en la promoción y planificación de las traducciones en el seno de las editoriales privadas. Además de los factores económicos examinamos los criterios de adjudicación de ayudas en los últimos años a la luz de una política de la traducción para un sistema cultural en situación subalterna.

Palabras clave: Ayudas a la traducción; políticas de traducción literaria; traducción y culturas subalternas; sistema cultural gallego.

[en] Galician Public Funding for Translated Works (2008-2016)

Abstract. Literary translation is a social action and as such is comprised of several parts which include its reception as a product of the cultural industry, the publishing houses, translation policies, translators, etc. Decisions relating to the purpose of the translations (whether political, commercial or cultural) arise from the political, cultural and aesthetic positions that prevail at the time. Traditionally, most publications in the Galician language are published by private Galician publishing houses. Those published by public institutions amount to about 10% of all Galician published works while the ones published by national publishing houses account for 25% of the same. This paper analyses the calls for public grants announced for translation of published texts in Galicia from the beginning of the current economic crisis (2008) to recent times (2016). These calls have caused an impact on the promotion and planning of translations within private publishing houses. Economic factors and the award criteria used during the past years are analysed, in the light of a translation policy for a subaltern cultural system.

Keywords: Translation Funding; Politics of Literary Translation; Translation and Subaltern Cultures; Galician Cultural System.

¹ Universidade de Vigo, Departamento de Tradución e Lingüística.
E-mail: smontero@uvigo.es

Sumario. 1. Introducción. 2. Evolución da tradución galega dende 2008. 3. As axudas á tradución por parte da Administración galega. 3.1. Orzamentos e contías das subvencións. 3.2. Os criterios de valoración. 3.3. Importes adxudicados. 4. Referencias bibliográficas.

Como citar: Montero Küpper, S. (2017): “Sobre as subvencións públicas á tradución editorial galega (2008-2016)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, pp. 103-112.

1. Introducción

A creación e a tradución constitúen un ben cultural que incide no desenvolvemento dunha sociedade e contribúe á súa sostibilidade cultural e intelectual. A intensidade dun intercambio dunhas literaturas con outras, así como a imaxe que obtemos delas, dependen da posición ou relación de poder que ostenta unha cultura con respecto a outras. O lugar que a tradución literaria ocupa –tanto a intratradución como a extratradución²– non resulta unicamente da posición de poder na que nos sitúan as outras culturas. As políticas públicas teñen competencias e posibilidades para intervir nestas relacións, e non só para lle abrir paso a unha vaga multiplicidade cultural, mais dunha forma moi precisa polas escollas que están implícitas nos criterios de valoración que se formulan nas súas convocatorias de subvencións, de premios que outorgan etc.

Estimamos que as políticas de apoio á tradución editorial son fundamentais, especialmente para culturas subalternas como a galega, na que a extratradución carrega, ademais, unha consagración da propia cultura.

Pola súa condición non-hexemónica, o sistema cultural galego é máis sensible ós cambios político-ideolóxicos e ás situacións economicamente desfavorables. De aí que a selección, edición e tradución do e ó galego de textos

literarios ou divulgativos non debería obedecer exclusivamente a criterios económicos. Por esta razón cómpre velar coidadosamente polo apoio á intratradución e á extratradución mesmo en tempos de austeridade económica.

É sabido que as crises económicas adoitan afectar con especial énfase o consumo cultural e, así mesmo, o apoio institucional da cultura. No que á tradución se refire, o Estado español dedicou en 2016 uns 260 000€³ de axudas anuais, cando en 2011 este apoio aínda ascendía a uns 868 000€, o que ilustra o impacto da crise económica⁴. A modo de comparación podemos indicar que a media que Austria destinou no quinquenio 2010-2014 á extratradución sumaba 145 000€ (Bundeskanzleramt Österreich 2010-2014). A Administración de Galicia orzamentou aínda no ano 2008 uns 282 600€ para apoiar a tradución⁵, mentres que no último quinquenio estas axudas se viron reducidas a unha media anual de 71 820€ para intratraducións e de soamente 35 000€ para a extratradución (cf. *infra* § 3.3, Táboa 1).

Porén, os impactos económicos da crise non son o único contexto a ter en conta. Sexa en tempos de bonanza ou de austeridade, tamén importa observar a política estratéxica que os gobernos dedican ó sector da tradución editorial e é aí onde se poden observar mudanzas fundamentais. Na historia recente das políticas de tradución en Galicia comeza en 2006 un período con maior énfase nas tentativas de lle conferir unha maior proxección internacional á literatura galega. Alén das axudas á edición e tradución buscouse unha maior visibilidade do libro galego que viviu varias iniciativas de promoción. Ó apoio pecuniario súmase o loxístico que as entidades públicas ofreceron para as feiras do libro⁶ ou para reforzar a presenza do libro galego en Internet.

² Desígnase con ‘intratradución’ a importación de textos traducidos, no noso caso cara ó galego, mentres que a extratradución se refire á exportación de textos traducidos a outras linguas para seren incorporados noutros sistemas culturais.

³ Resolución do 18 de febreiro de 2016, BOE nº 54 (03/03/2016) para o fomento da tradución a linguas estranxeiras.

⁴ Cf. o anexo de *Ayudas a la traducción de obras extranjeras concedidas* da convocatoria de 2011, accesible en: http://www.mcu.es/ayudassubvenciones/docs/libro/listadosdni/traduccion-extranjeras2011_propuestas_anexo.pdf (consulta: 09/01/2017).

⁵ Orde do 27 de maio de 2008, DOG nº 111 (10/06/2008). A axuda desta orde vese, ademais, complementada coa modalidade de probas de tradución para unha maior proxección da cultura galega (Resolución do 18 de setembro de 2008, DOG nº 196, 09/10/2008).

⁶ A Administración galega asistiu por primeira vez a feiras de libros en Bos Aires, Guadalaxara e Montevideo en 2007. Un ano máis tarde, en 2008, Galicia foi a invitada de honra na Feira do Libro da Habana.

Entre os anos 2006-2009, a Xunta de Galicia activou varios mecanismos para a promoción e proxección do sector do libro galego entre os que figuraban a plataforma informativa *Galician Books* ou o catálogo accesible en liña *Galician Publishers* (2008) entre outros. O catálogo de dereitos *Readgalicia.com* que incluía fragmentos de obra literaria galega en inglés, será substituído en 2012 polo portal web *Portico of Galician Literature*, xestionado polo experimentado editor da Small Station Press, Jonathan Dunne. Con todo, é a partir de 2009 que moitas iniciativas innovadoras quedan anuladas ou interrompidas (cf. Montero Küpper 2013).


Aínda así, en 2011 inaugurouse *Galician Classics*, un proxecto dedicado á tradución dos clásicos da literatura galega ó inglés co que a Xunta de Galicia busca promover, en coedición coa xa mencionada editorial Small Station Press, a literatura galega no mercado internacional. Ademais destas iniciativas, a Xunta de Galicia tamén conta cunha liña de axuda para reforzar a presenza en feiras de libro⁷ e outros apoios económicos de carácter puntual⁸. As principais actuacións para a proxección internacional da literatura galega que

a Xunta impulsou nos últimos anos céntranse nas devanditas publicacións en liña así como no proxecto dunha colección de clásicos da literatura galega, deixando a intratradución á deriva.

Neste estudo centramos a nosa atención de forma exclusiva nas convocatorias públicas de axudas á tradución do e ó galego para editoriais. Segundo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, estas axudas establécense

(...) para a versión en galego de obras publicadas orixinalmente noutras linguas e para a versión noutras linguas de obras publicadas orixinalmente en galego, de maneira que se poidan encontrar na nosa comunidade e na nosa lingua os textos significativos producidos no exterior, ao mesmo tempo que as nosas autoras e autores contan con vías para exportar a súa produción. (Orde de 2016)

Alén do aspecto económico examinaremos as convocatorias ás axudas á tradución prestando especial atención ós criterios de adxudicación dos últimos anos á luz dunha política enfocada nun sistema cultural en situación subalterna.



Gráfica 1: Volume da edición en lingua galega: publicacións (creación e tradución), intratraducións (todo tipo de texto: literatura, libros de texto, divulgación etc.) e intratraducións de textos literarios (monografías)⁹

⁷ Cf. Villarino Pardo 2016 sobre o papel das feiras no proceso de internacionalización.

⁸ Para máis información consúltase Montero Küpper 2015 e as *Memorias de actividades de cultura da Xunta de Galicia* dos anos 2013-2015, accesibles en: <https://www.cultura.gal/es/publicacions>.

⁹ Elaboración propia a partir de Bragado 2013, CULTURABase, MECD 2016, base de datos do ISBN (MECD, s.d.), BITRAGA e Roig Rechou 2014 e 2015. Agradecemoslle á directora dos Informes de literatura, Roig Rechou, o avance das cifras das traducións literarias correspondentes ó ano 2016. A partir de 2015 o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte xa non contabiliza as reimpresións, de xeito que os datos de 2015 e 2016 non son comparables cos outros anos. Estimamos que as reimpresións das publicacións galegas suman arredor de 300 títulos/ano; as reimpresións das traducións literarias ascenden a 1-2/ano.

2. Evolución da tradución galega dende 2008

Co obxectivo de precisar e contextualizar a actividade tradutora e as axudas á tradución galega observaremos agora algúns datos sobre a evolución e a situación actual da edición en lingua galega así como da tradución ó e do galego dende o inicio da crise económica actual¹⁰.

Dende 1983, ano no que se aprobou a Lei de normalización lingüística, a actividade tradutora e así mesmo a edición en lingua galega foron medrando de xeito continuo (cf. Montero Küpper 2015). Esta fase propicia para o sistema literario-cultural galego durou ata o inicio da crise bancaria e económica que comeza no ano 2008. Se ben cun pequeno retardo, dáse unha inversión desta evolución ascendente a partir do ano 2009, xa que o volume de publicacións e de traducións galegas, especialmente despois dunha repunta en 2010, diminúe de maneira considerable e continuada en todo tipo de soportes. A Gráfica 1 (*supra*) busca reflectir de maneira resumida os datos desta evolución da edición de monografías publicadas en lingua galega, así como das traducións editoriais de todo tipo de texto ó galego en calquera tipo de soporte, xunto coa contía das traducións literarias, entre os anos 2007-2016. Apréciase tamén o peso que a tradución ó galego ten sobre o total da creación publicada en lingua galega.

O volume de edicións en lingua galega chega entre os anos 2008 e 2010 ó seu punto máis álxido, cando a edición alcanza unha media de 2382 títulos anuais. No entanto, a partir de 2011 rexístrase unha marcada tendencia á baixa das publicacións en lingua galega. Se ben en 2014 semella haber unha pequena repunta, en 2015 o número das publicacións volve descender, aínda que de maneira moderada. As cifras de edición en lingua galega atópanse en 2016 por debaixo incluso das cifras do ano 2002, de maneira que o mercado editorial en galego volve en termos numéricos a unha situación comparable ós inicios da Lei de normalización lingüística (1983).

No contexto global da produción editorial do Estado español (cf. MECD 2014: 26), a


crise repercute con especial ímpeto na actividade editorial en galego: segundo os datos do MCU en relación cos ISBN inscritos nestes anos, a edición en galego supuxo en 2008 un 2,6%, en 2010 un 2,2% (MECD 2011: 112) e en 2012 e 2013 tan só un 1,7% (MECD 2013: 31; 2014: 4). Nos últimos anos (2014 e 2015) situouse nun 2,0% e 1,9% respectivamente (MECD 2016: 29) do volume total de libros editados no Estado español.

No que atinxe a edición en galego, a porcentaxe das traducións ó galego no inicio deste século aínda estivo a medrar: para os anos 2002-2006 supuxo un 18,26% e para o quinquenio 2007-2011 un 22,3%¹¹. Con todo, a partir de 2011 a recesión faise notar de xeito acusado xa que en 2016, con tan só 120 traducións rexistradas na base de datos do ISBN, chégase a publicar non máis ca unha quinta parte do volume das intratraducións de 2010 alcanzando cifras inferiores ás dos anos 90 do século pasado. A redución do volume de traducións afecta sobre todo os textos non literarios, que ata estes anos constitúen arredor dun 70% dos textos traducidos dende o inicio do século (Montero Küpper 2015: 21). A diminución da actividade editorial tamén se fai notar no eido da tradución literaria, se ben a un ritmo máis moderado, tanto no que se refire á intratradución como tamén á extratradución (Gráfica 2).

Segundo as cifras que podemos extraer da base de datos BITRAGA, na que rexistramos as referencias dos textos literarios galegos traducidos, tamén nos anos de crise case a metade das traducións do galego (extratraducións) acaba por ser editada dentro do Estado español. Esta circunstancia débese principalmente a que existe un intenso intercambio entre as comunidades españolas, sobre todo de literatura infantil e xuvenil. A isto cómpre sumarlle as traducións ó inglés (tanto de literatura para adultos como de literatura infantil e xuvenil) promovidas pola propia Xunta de Galicia ou editadas en Galicia (Montero Küpper 2013: 46).

¹⁰ Para unha análise exhaustiva sobre a tradución literaria galega consúltese Galanes Santos 2016; sobre a tradución e editoriais galegas véxase Fernández Rodríguez 2015.

¹¹ Estas porcentaxes inclúen todo tipo de texto publicado e traducido en lingua galega, tanto en soporte papel como dixital (literatura, divulgación, libros de texto etc.). Trátase maioritariamente de primeiras edicións. As porcentaxes están elaboradas segundo os datos de Bragado (2012 e 2013). No contexto da edición en galego, a porcentaxe das traducións ó galego supuxo ó redor dun 20% para os anos 2002-2011.



Gráfica 2: Volume de intratradución e extratradución de literatura galega (monografía) 2007-2013¹²

A devandita referencia explícita á tradución literaria non é gratuíta, pois, de excluírmos as publicacións didácticas, as traducións literarias constitúen o corpus máis importante das intra e extratraducións galegas (Bragado 2011, Montero Küpper 2015: 20).

3. As axudas á tradución por parte da Administración galega

Entre os anos 1987 a 2006, as axudas anuais á tradución da Xunta de Galicia incluíanse nas convocatorias de subvencións para o fomento da edición do libro galego en xeral. En 2007 a Administración galega convoca por primeira vez subvencións de carácter exclusivo para financiar a tradución editorial dende e do galego¹³. Trátase de axudas anuais en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ás editoriais.

3.1. Orzamentos e contías das subvencións

A partida orzamentaria, que en 2007 xa ascendía a 200 000€, elévase na seguinte convocatoria, chegando en 2008 a orzamentarse en 282 689€, cos que se subvencionaron un total de 144 obras¹⁴. Mais a partir de 2009, xa en tempos de crise e coincidindo co cambio de

gobierno en Galicia, os recortes económicos afectan tamén a estas subvencións. Despois de omitilas naquel ano, a Administración galega volve incluír as axudas á tradución para o ano 2010 cun orzamento de 300 000€¹⁵. Porén, a partir do ano 2011 (con excepción de 2012 no que a contía máxima adxudicada é de 168 000€) a partida orzamentaria desta axuda fíxase en 200 000€. Mais adiante, a partir da convocatoria de 2013¹⁶, explícitanse as contías máximas para a intratradución (120 000€) e para a extratradución (80 000€).

Para a contía de cada subvención estipúlase un tope máximo de 6000€ por proxecto; esta contía non sufriu modificacións ó longo dos anos. No que ó cálculo das axudas por obra se refire, as convocatorias dos anos 2008-2012 prevían 20-30 euros por páxina estándar (1800 caracteres) para as traducións a calquera lingua do Estado e entre 25-50 euros para as traducións a outras linguas. A partir da convocatoria de 2013 hai un reaxuste económico á baixa fixándose a contía nun máximo de 20 euros por páxina estándar tanto para a intratradución como para a extratradución. Á vez omítese a limitación económica porcentual das convocatorias dos anos anteriores, nos que as axudas só prevían o pagamento parcial da tradución

¹² Elaboración propia a partir dos datos en BITRAGA.

¹³ Para máis información cf. Verdugo Matêns 1998 e Montero Küpper 2013: 48 e ss.

¹⁴ Orde do 27 de maio de 2008, DOG nº 111 (10/06/2008); Resolución do 18 de setembro de 2008, DOG nº 196 (09/10/2008).

¹⁵ Orde do 12 de novembro de 2009, DOG nº 232 (26/11/2009).

¹⁶ Para estes e os sucesivos datos consúltase as respectivas ordes das axudas para a tradución: Orde do 27 de maio de 2008, DOG nº 111 (10/06/2008); Orde do 12 de novembro de 2009, DOG nº 232 (26/11/2009); Orde do 29 de decembro de 2010, DOG nº 2 (04/01/2011); Orde do 24 de abril de 2012, DOG nº 84 (03/05/2012); Orde do 28 de maio de 2013, DOG nº 107 (06/06/2013); Orde do 27 de febreiro de 2014, DOG nº 48 (11/03/2014); Orde do 29 de xaneiro de 2015, DOG nº 27 (10/02/2015); Orde do 5 de febreiro de 2016, DOG nº 39 (26/02/2016); Orde do 19 de decembro de 2016, DOG nº 4 (05/01/2017).

(entre un 50% e 75%), de xeito que as subvencións chegaron a financiar o 100% (ou máis, segundo Tobar 2014) o importe dedicado á remuneración de quen traduce.

É salientable que ningunha das convocatorias contemplou ata agora a posible variación do grao de complexidade tradutiva segundo o tipo ou xénero textual. Neste sentido, por exemplo, non resulta axeitado aplicar unha páxina estándar de 1800 caracteres para determinar a contía da subvención no caso da tradución de poesía. Con todo, as resolucións revelan certa variabilidade ou flexibilidade na aplicación destas tarifas –tal vez debido á falta de claridade na redacción da convocatoria– ó constataremos, por exemplo, que a subvención para editar a tradución dos destacados poemarios de Chus Pato *Secesión e Carne de Leviatán*, que contan cunhas 125 páxinas cada un e que talvez sumen unhas 80 páxinas estándar, ascende a máis de 5000€¹⁷.

A convocatoria de 2013 introduce un novo ítem no artigo 2º *Imputación orzamentaria e contía*, que exclúe “destas axudas aqueles proxectos que, logo de aplicado o baremo previsto nesta orde, acaden unha puntuación inferior ó 50% do máximo total” (Orde de 2013). A Táboa 1 (Importes adxudicados segundo as resolucións) que presentamos máis adiante (§ 3.3) deixa patente as consecuencias deste criterio.

3.2. Os criterios de valoración

A falta de claridade ou imprecisión da convocatoria á que aludimos no apartado anterior tamén se manifesta nalgúns ítems dos criterios de valoración das convocatorias analizadas dos anos 2008 ata 2016. Saltan á vista os sucintos criterios nas convocatorias ata 2008 que, por exemplo, contemplaban como criterio prioritario a “Calidade da obra, atendendo a criterios de estrutura, rigorosidade e coherencia”¹⁸. Enuméranse, así mesmo, nesta mesma orde a

“calidade da lingua” ou “das obras contidas no catálogo” sen maior precisión.

A partir da convocatoria para 2010 (publicada a finais de 2009), os criterios van acompañados dun maior número de especificacións. Entre os criterios máis importantes nas ordes de 2009-2014 aparece a preferencia por textos consagrados que rexistren algunha conmemoración inminente¹⁹. A lectura das respectivas resolucións revela, de feito, unha case absoluta preponderancia pola literatura dende as convocatorias de 2009 ata a de 2016, en detrimento doutros xéneros textuais cuxa produción e importancia non se debe ignorar.

En 2008, pola contra, a porcentaxe de textos divulgativos ou científicos importados que recibiron unha subvención era dun 40% e no caso dos exportados soamente un 25%. Parécenos, así mesmo, salientable que nas convocatorias dos anos 2009 a 2013 se valore a proxección internacional da tradución atendendo ós premios así como “os países en que se comercialice” a tradución (Orde de 2013). Non obstante, alén deste *indicio de calidade*, non se especifica en que medida se realiza unha valoración (da selección) dos países de destino dos textos traducidos.

Digno de mención é tamén o valor que na convocatoria de 2014 (e só nesta) se lle asigna a cada lingua para valorar en relación ás extratraducións o “interese estratéxico do ámbito lingüístico (...): inglés, 4 puntos; portugués: 3 puntos; francés, alemán, italiano, 2 puntos, e resto das linguas, 1 punto”²⁰. A Administración ten mostrado a súa preferencia pola lingua inglesa (en calidade de lingua franca), tamén no caso da tradución editorial, pois a tradución ó inglés permitiría visibilizar a cultura galega tamén noutras áreas lingüísticas, para alén dos EUA e do Reino Unido²¹. Aínda así, consideramos que esta política de subvencións acaba por infravalorar algúns destinos

¹⁷ Resolución do 10 de xullo de 2015, DOG nº 187 (30/09/2015).

¹⁸ Orde do 1 de xuño de 2008, DOG nº 111 (10/06/2008).

¹⁹ Por exemplo: “Interese cultural intrínseco da obra, tendo en conta aniversarios e centenarios que se celebren en 2012 e 2013” (Orde do 24 de abril de 2012, DOG nº 84, 03/05/2012).

²⁰ Orde do 27 de febreiro de 2014, DOG nº 48 (11/03/2014).

²¹ Véxase por exemplo a colección *Galician Classics* que coeditan a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a editorial Small Station Press; mais tamén os dous volumes da *Anthology of Galician Literature* ou doutra antoloxía, de Antonio de Toro, *Breoghán's Lighthouse*. Estas dúas últimas antoloxías, proxectos en competencia que se realizaron practicamente en simultáneo, tamén foron obxecto de subvencións por parte da Xunta de Galicia.

das traducións, por exemplo para os países xermanófonos, que sempre foron un mercado seguro para as literaturas peninsulares en xeral (debido ó interese polas literaturas estranxeiras, ó alto grao de lectura e consumo de libros, como tamén á súa potencia económica). A ponderación das traducións segundo as linguas que se realiza nas convocatorias en cuestión é, en todo caso, cuestionable e tal vez sexa a razón pola que non se reeditase nas sucesivas convocatorias.

O factor menos valorado nas convocatorias ata 2015 é o currículo de quen traduce e o plan de distribución das obras. Este feito resulta cando menos sorprendente xa que se trata de criterios de suma relevancia.

Coas convocatorias dos anos 2015 e 2016 iníciase unha nova fase e un cambio esencial nos criterios de valoración. En 2014 xa se redefiniu o punto relativo ó “interese xeral da obra”, que pasa a ser considerado a alínea máis importante dos criterios (alén das conmemoracións culturais dos anos 2014 e 2015, valórase neste lugar a importancia da autoría e a “influencia sociocultural” da obra).

As ordes de 2015, 2016 e así mesmo de 2017 buscan avaliar os proxectos a través de criterios cuantitativos polo que detallan o número de edicións da obra orixinal e miden a actualidade dunha obra, en función dos anos dende a súa publicación. No caso da extratradución especificanse os puntos por cada título galego no catálogo etc. Aínda así mantense nestas tres convocatorias unha variable de cómputo con certa marxe de manobra para posibles ponderacións como o evidencia o criterio “Interese do proxecto para a cultura galega”. Polas súas características, este requisito é aplicable ás extratraducións e só en pouco casos podería computar para as intratraducións²².

Consideramos que a valoración positiva dunha presenza previa de obras galegas no catálogo editorial da cultura de acollida nestas

convocatorias resulta nociva, pois dificulta que a literatura galega poida abrirse camiño en novos mercados ou outros espazos.

O cambio de rumbo máis importante da nova política de tradución editorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no que ás subvencións se refire é a vontade de fomentar os textos contemporáneos ou clásicos contemporáneos de atendermos ás alíneas de “Actualidade da obra” e “Dereitos de propiedade intelectual vixentes”²³. Botamos en falta, nestas últimas convocatorias, a posibilidade de edición en formato dixital ou de impresión baixo demanda como alternativa ó libro en soporte papel tradicional para o cal a Xunta esixe unha tiraxe mínima de 500 exemplares. Implicaría criterios diferentes de distribución, sen que esta sexa menos efectiva.

As convocatorias de 2015-2017 prevén, ademais, unha composición da comisión avaliadora máis completa (presidenta, secretaria e sete vogais), que antes só contaba con dous vogais, ó contar con varias persoas expertas en tradución (AGPTI, ATG), literatura, ciencia, pensamento e ensaio.

Os criterios de valoración que se esgriman nas convocatorias de 2008 a 2017 foron cambiando ó longo dos anos coa intención de mellorar e adaptar as convocatorias ás necesidades ou preferencias do momento. Por unha parte, as políticas de recortes non semellan incidir de maneira explícita nas modificacións destes criterios. Pola outra parte, a cláusula do 50% da puntuación total resulta decisiva para que moitos proxectos se exclúan das axudas e non se esgoten os orzamentos.

3.3. Importes adxudicados

En relación coas contías orzamentarias establecidas nas convocatorias, examinamos nesta epígrafe os importes das axudas concedidos e o número de títulos subvencionados segundo as respectivas resolucións dende o inicio da crise.

²² Na Orde do 29 de xaneiro de 2015, DOG nº 27 (19/02/2015) figura: “7) Interese do proxecto para a cultura galega. Neste apartado as persoas expertas terán en conta a contribución do proxecto aos seguintes aspectos: a) Difusión do patrimonio cultural galego, nas súas diversas manifestacións, referidos á persoa do autor ou autora da obra, á súa vixencia e á súa influencia sociocultural: ata 10 puntos. b) Contribución da obra á difusión da imaxe de Galicia como sociedade avanzada: ata 10 puntos”. Casos de intratradución que poderían puntuar serían, por exemplo, a tradución de textos de Emilia Pardo Bazán ou obras do ámbito divulgativo que teñan como obxecto de estudo a cultura galega.

²³ Cf. as convocatorias correspondentes ós anos 2015-2017.

Ano e contías orzamentadas	Intraducións: contías adxudicadas e número de títulos	Extraducións: total contías adxudicadas	Extraducións linguas cooficiais: contías adxudicadas e número de títulos	Extraducións a outras linguas: contías adxudicadas a número de títulos
2008 282 689€	162 450€ (103)	132 550€	99 595€ (26)	33 000€ (15)
2009	-	-	-	-
2010 300 000€	158 230€ (95)	79 000€	51 133€ (16)	27 866€ (12)
2011 200 000€	122 485€ (83)	74 465€	39 340€ (15)	35 123€ (8)
2012 168 000€	92 433€ (50)	75 567€	55 588€ (20)	19 980€ (5)
2013 200 000€	80 206€ (22)	45 891€	15 000€ ²⁴ (6)	30 000€ (7)
2014 200 000€	18 340€ (14)	77 000€	39 005€ (17)	37 995€ (11)
2015 200 000€	53 540€ (14)	61 280€	30 460€ (13)	30 820€ (9)
2016 200 000€	114 589€ (39)	66 395€	26 726€ (10)	39 668€ (13)

Táboa 1: Contías orzamentadas e importes adxudicados segundo as resolucións que corresponden ás convocatorias das axudas á tradución dos anos 2008-2016²⁵

A Táboa 1 resume as contías adxudicadas segundo a intradución e a extradución. Atendendo ó interese da Consellería de Cultura pola proxección da cultura e literatura galegas fóra do Estado español desglosamos, ademais, a edición de textos galegos en linguas non españolas e as traducións ás linguas cooficiais do Estado español²⁶.

En relación coas traducións (literarias) publicadas entre os anos 2008 e 2016 (cf. Gráficas 1 e 2), a mingua numérica de títulos traducidos ó galego que recibiron unha subvención é máis pronunciada²⁷. Trátase case exclusivamente de textos literarios, sobre todo debido ás características das convocatorias a partir de 2010. No caso das axudas á extradución, chama

a atención que o número de publicacións subvencionadas decrece considerablemente. É salientable o ano 2013 no que as adxudicacións só chegan a subvencionar a tradución do galego de 13 obras, así como o ano 2014, no que descubrimos un paupérrimo importe adxudicado ás intraducións.

Salta á vista que a pesar dos axustes á baixa dos orzamentos a partir da convocatoria para o ano 2010, na maioría dos exercicios non se chega a executar a suma total das subvencións anunciadas²⁸. A mingua constante dos importes concedidos dende 2008 ata 2015 resulta patente. Mentres que nos anos 2011 e 2012 a suma das axudas coincide practicamente cos respectivos orzamentos, nos anos 2013 a 2016

²⁴ As cifras das extraducións para 2013 son estimacións en base ás informacións de BITRAGA, xa que nas resolucións non se indican as linguas ás que se proxectan as obras galegas.

²⁵ Nos importes desta táboa redondéanse os céntimos ó euro.

²⁶ Lembramos que as subvencións para a edición de traducións entre as linguas cooficiais que convocaba o Ministerio de Cultura quedaron anuladas en 2012.

²⁷ Nótese que os datos anuais de publicación das traducións non son comparables coas cifras anuais no que ás subvencións se refire, xa que a publicación da tradución subvencionada non adoita coincidir co ano da concesión da axuda.

²⁸ Cf. Resolución do 13 de setembro de 2010, DOG nº 194 (07/10/2010); Resolución do 21 de novembro de 2011, DOG nº 246 (27/12/2011); Resolución do 17 de outubro de 2012, DOG nº 205 (26/10/2012); Resolución do 6 de novembro de 2013, DOG nº 224 (22/11/2013); Resolución do 9 de setembro de 2014, DOG nº 182 (24/09/2014); Resolución do 10 de xullo de 2015, DOG nº 187 (30/09/2015); Resolución do 1 de xullo de 2016, DOG nº 129 (08/07/2016).

as subvencións non esgotan a cantidade da aplicación orzamentaria.

Segundo as informacións facilitadas pola xefa do Servizo do Libro e Publicacións da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación ás convocatorias dos anos 2012-2016, a razón da reducida execución estriba en que moitas solicitudes foron excluídas ó non acadaren unha puntuación mínima do 50% do máximo total, tal e como figura no baremo dos anos 2013-2016. De feito, atendendo ós datos que se facilitaron, o número dos proxectos non subvencionados ronda os 40, e en 2013 o número de solicitudes excluídas triplica incluso a cifra das obras subvencionadas²⁹.

De modo xeral podemos apuntar que o investimento para traducións entre as linguas do estado é só lixeiramente maior do que as subvencións concedidas para as extratraducións a linguas non españolas. Unha lectura das resolucións revela que a variedade lingüística das linguas non españolas é moi cativa e a maior parte destas subvencións destínase á tradución ó inglés. Como xa o indicamos, esta preferencia estratéxica obedece ó facto de que a Xunta espera poder conferir así máis visibilidade ós textos. De feito, nótase que hai moi pouca variedade de editoriais estranxeiras que reciben unha subvención. De todos modos, isto tamén se debe á escasa difusión que teñen as convocatorias fóra do Estado español. A información sobre estas convocatorias é accesible principalmente a través da páxina da Xunta (*Portico of Galician Literature*), mais non se divulgan, por exemplo, a través das redes das grandes feiras de libros de Frankfurt, Leipzig ou Bolonia, nin a través de portais web de organismos públicos como a UNESCO ou a páxina web de *New Spanish Books* entre outras³⁰, onde, pola

contra, si figura a información sobre as axudas á tradución do Estado e de Cataluña.

As resolucións amosan que as subvencións se dedican case exclusivamente a financiar textos literarios consagrados. Con todo, á falta de subvencións editoriais específicas para publicacións de ámbitos científicos e técnicos, cumpriría incluír este tipo textual de xeito explícito nestas convocatorias. Tendo en conta a crise económica que tamén afecta a industria do libro así como os recortes aplicados en moitos ámbitos e nas axudas á tradución, resulta desconcertante que nestes anos de crise económica non se chegue a adxudicar todo o orzamento das subvencións. A aplicación restritiva, que parece obedecer a unha política de severos recortes, conduciu a que moitas editoriais galegas e o lectorado se visen desamparados polo poder.

Mentres que no espazo do Estado español as estratexias das políticas de tradución sinalan cara a unha acumulación de capital económico, en Galicia prevalece o aspecto de acumulación de capital simbólico que ata o ano 2014 se reflectía nas convocatorias das axudas á tradución. A partir da convocatoria de 2015, para o caso das intratraducións, o aspecto cultural non figura nos criterios de adxudicación (cf. o artigo 7 das convocatorias de 2015-16 citado na nota 20). Neste sentido, unha revisión, actualización e mellora das convocatorias sería máis que desexable. Non obstante, semella que os criterios expresados nas convocatorias obedecen máis ben a un ideario político-cultural ca a unha resposta decidida ás consecuencias da crise no sector editorial³¹. Tanto as políticas de tradución da Xunta de Galicia como as españolas en xeral non explicitan como dimensión de interese a tradución para descubrir novos textos ou espazos culturais.

²⁹ Agradécémolle a dispoñibilidade da xefa do Servizo do Libro e Publicacións da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que respondeu a un pequeno cuestionario por correo electrónico en xaneiro de 2016. Non me facilitaron datos explícitos sobre as causas das exclusións por considerárense datos de carácter persoal.

³⁰ *New Spanish Books De* (Alemaña): <http://www.newspanishbooks.de/> (consulta: 20/11/2016); Feira do Libro de Frankfurt: http://www.buchmesse.de/de/im_Fokus/weitere_themen/foerderprogramme/uebersetzungsfoerderung/index.html (consulta: 05/02/2017); “Repertorio de los organismos nacionales o regionales de ayuda a la traducción literaria” da UNESCO: http://portal.unesco.org/culture/es/ev.php-URL_ID=1539&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=-473.html (consulta: 10/12/2016).

³¹ Alejandro Tobar ofrece en “De recompensas e cazatesouros” (2014) unha visión crítica sobre o funcionamento das subvencións dende o punto de vista dun editor. Ofrece, así mesmo, oito propostas de melloras que se poden consultar en Tobar (2014) e que poden completar as reflexións expostas neste artigo.

4. Referencias bibliográficas

- BITRAGA = *Biblioteca da Tradución Galega* (s.d.): www.bibliotraducion.uvigo.es [consulta: 01/12/2016].
- Bragado Rodríguez, Manuel (2012): “Panorámica da edición en Galicia en lingua galega (1991-2011)”, *Brétemas* 10/2012 (http://bretemas.gal/wp-content/uploads/2012/10/Datos_edicion_-Galicia_2011.pdf) [consulta: 11/01/2017].
- (2013): “Cifras da edición galega II”, *Brétemas* 06/10/2013 (<https://bretemas.gal/onte-752-cifras-da-edicion-galega-en-2012-ii/>) [consulta: 11/01/2017].
- Bundeskanzleramt Österreich (2011-2015): *Kulturbericht 2010-2014*. Viena: Bundeskanzleramt, Sektion II Kunst und Kultur (http://www.kunstkultur.bka.gv.at/site/cob__54311/8015/default.aspx) [consulta: 02/02/2017].
- CULTURABase (s.d.): *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (<http://www.mcu.es/culturabase/cgi/um?M=/t16/p16&O=culturabase&N=&L=0>) [consulta: 21/02/2017].
- Fernández Rodríguez, Áurea (2015): “El sector editorial gallego y la traducción literaria”, en A. Luna Alonso *et alii* (eds.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Berna: Peter Lang, pp. 63-81.
- Galanes Santos, Iolanda (2015): “Literaturas extranjeras en la cultura gallega”, en A. Luna Alonso *et alii* (eds.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Berna: Peter Lang, pp. 43-61.
- (2016): “La traducción literaria gallega contemporánea. Intratraducción y extratraducción”, en I. Galanes Santos *et alii* (eds.), *La traducción literaria. Nuevas investigaciones*. Granada: Comares, pp. 153-176.
- MECD = Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (s.d.): *Base de datos de libros editados en España* (<http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/libro/bases-de-datos-del-isbn/base-de-datos-de-libros.html>) [consulta: 20/05/2017].
- (2016): *Panorámica de la edición española de libros 2015*. Madrid: Secretaría General Técnica Subdirección General de Documentación y Publicaciones (<https://sede.educacion.gob.es/publiventa/panoramica-de-la-edicion-espanola-de-libros-2015-analisis-sectorial-del-libro/libros-y-lectura/20784C>) [consulta: 20/01/2017].
- Montero Küpper, Silvia (2013): “As políticas de traducción no caso galego”, en X. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e tradución. IX Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 41-61.
- (2015): “Situación de partida y análisis de las iniciativas de apoyo a la traducción en Galicia”, en A. Luna Alonso *et alii* (eds.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural*. Berna: Peter Lang, pp. 15-42.
- Roig Rechou, Blanca-Ana (dir.): *Informes de literatura* (2014 e 2015). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.gal/rec2/informes/informes.html>) [consulta: 01/06/2017].
- Tobar, Alejandro (2014): *De recompensas e cazatesouros* (<http://www.huginemunin.com/wp-content/uploads/2014/11/denuncia-e-proposta-sistema-axudas-trad.pdf>) [consulta: 02/01/2017].
- Verdugo Matê, Rosa Marta (1998): *A Industria editorial em Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Villarino Pardo, M^a Carmen (2016): “Estrategias y procesos de internacionalización. Vender(se) y mostrar(se) en ferias internacionales del libro”, en I. Galanes Santos *et alii* (eds.), *La traducción literaria. Nuevas investigaciones*. Granada: Comares, pp. 73-92.